



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE FACENDA

**CiXTEC**  
Centro Informático

# ALiS<sup>e</sup>

## Guía de instalación

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. INFORMACIÓN SOBRE A APLICACIÓN .....	4
2.1.DESCRICIÓN XERAL.....	4
2.2.MODO DE USO E FUNCIONAMENTO .....	4
2.3.DESCRICIÓN TÉCNICA.....	4
2.4.INSTALACIÓN DO PROGRAMA E RECOMENDACIÓNS .....	5
2.4.1. Instalación e inicio da aplicación.....	6
2.4.2. Requisitos técnicos.....	18
2.4.3. Coñecemento do imposto .....	19
3. INFORMACIÓN SOBRE OS USUARIOS .....	20
3.1.TIPOS DE USUARIOS.....	20



## 1. INTRODUCCIÓN

A presente guía contén información xeral sobre o programa **ALISe** (Axuda as Liquidacións do Imposto de Sucesións) e os pasos necesarios para realizar unha instalación correcta da aplicación (nos sistemas operativos: Windows, macOS e Linux).

## 2. INFORMACIÓN SOBRE A APLICACIÓN

### 2.1. DESCRICIÓN XERAL

O programa ALISe posibilita a autoliquidación e presentación do imposto de Sucesións, imprescindible para realizar a presentación telemática do imposto e a súa xestión posterior.

A operativa do programa é bastante simple: primeiro realízase a introdución dos datos, posteriormente execútase a validación destes, realízase o calculo e xéranse as declaracións e autoliquidacións (modelos D650 e 650). Unha vez xeradas as autoliquidacións, se o usuario ten conexión con internet, poderá xerar o borrador da liquidación e presentar a autoliquidación.

O usuario ten tres formas de facela presentación:

1. Sen certificado.
2. Con certificado.
3. Usuarios rexistrados.

Neste momento o programa solicitará gardar os datos na súa base de datos propia, conectarase co Cixtec para facer o pago e/ou a presentación, xerándose unha liquidación con número de documento válido.

### 2.2. MODO DE USO E FUNCIONAMENTO

O usuario deberá de instalar o programa en cada posto de traballo aínda que conectarase con Internet para facer a presentación do imposto.

O programa dispón da súa propia base de datos de tal forma que o usuario ten gardadas a súas liquidacións no seu posto de traballo, podendo facer unha exportación a outro sistema (posiblemente cun sistema operativo distinto ao de orixe) en calquera momento.

Se o usuario dispón dunha instalación antiga poderá facer unha migración ao novo sistema na primeira execución do programa, desta forma non perderá as declaracións/liquidacións que xa tiña.

O programa dispón dun sistema de actualizacións automáticas que permite ter ao usuario a última versión dispoñible do ALISe.

### 2.3. DESCRICIÓN TÉCNICA


A aplicación está baseada na tecnoloxía Java polo que necesita unha plataforma que soporte Java para funcionar. A aplicación non require un hardware específico nin un sistema operativo determinado pero si se debe poder executar unha máquina virtual de Java (JVM), dispor de librerías para o acceso á base de datos, servizos de Internet, acceso a disco,...

O entorno de execución Java (Java Runtime Environment, JRE) necesario para aplicación é JRE versión 7.x polo menos, pero se recomenda a versión 8 Update 5 ou superior.


Aínda que é posible o uso da aplicación sen conexión a internet, neste caso non se poderá presentar a declaración nin obter o modelo 650 impreso.

## 2.4. INSTALACIÓN DO PROGRAMA E RECOMENDACIÓNS

O ALISe está dispoñible para a súa descarga na Oficina Virtual Tributaria:  
Menú Cidadáns (opción "Sucesións"):



Menú Colaboradores sociais (opción "Sucesións"):



Pantalla de Descarga:

MAPA DO PORTAL GALEGO CASTELÁN

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE FACENDA

24/04/2019 Axudámoslle!

### Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesión (ALISe)

Tres opcións de descarga:

- Executable: Para o usuario actual
- Administrador: Para todos os usuarios do ordenador (require permisos de administrador)
- Zip: Versión comprimida da aplicación  
Para calquera instalación e necesaria a máquina virtual de JAVA

Versión ejecutable    Versión admin.    Versión ZIP

Triptico ALISe    Vídeo tutorial

Guía de instalación    Manual de usuario

Compoñentes e información adicional

- Máquina virtual de Java
- Requisitos técnicos de OV Tributaria

Consulta de entidades colaboradoras no pagamento presencial  
Consulta de entidades colaboradoras no pagamento telemático

XUNTA DE GALICIA    Información mantida e publicada na internet pola Consellería de Facenda Atención    Xacobeo 2021    galicia

Ao ser un programa de escritorio o usuario deberá instalalo no seu posto de traballo, non existindo ningún outro control de acceso mais que os propios do sistema operativo.

Nos sistemas Windows ofrécese dúas posibilidades de instalación, unha para usuarios normais e outra para usuarios con permisos de administrador que é necesaria se se quere que todos os usuarios dun mesmo equipo teñan acceso á aplicación.

## 2.4.1. Instalación e inicio da aplicación

### 2.4.1.1. INSTALACIÓN DA APLICACIÓN

A aplicación ALISe pódese instalar de 2 maneiras:


1. Instalación automática utilizando o programa instalable
2. Instalación manual



Antes de poder facer a instalación automática nun sistema Linux é preciso executar as seguintes instrucións dende a liña de comandos para instalar a máquina virtual de Java:

- `sudo add-apt-repository ppa:webupd8team/java`
- `sudo apt-get update`
- `sudo apt-get install oracle-java8-installer`


**1. Para a instalación automática da aplicación ALISe siga os seguintes pasos:**

1. Executar o programa ALISe\_v1.0.0.jar para a instalación dun usuario normal, ou o programa ALISe\_v1.0.0\_ADM.jar no caso da instalación como administrador, e seguir as instrucións indicadas:






No caso dunha instalación como administrador será posible crear accesos directos para todos os usuarios, noutro caso a opción estará bloqueada.




2. Unha vez finalizada a instalación, quedará instalada na carpeta elixida, por defecto "C:\Cixtec\ALISE", a aplicación ALISE.



## 2. Para a instalación manual da aplicación ALISE siga os seguintes pasos:

1. Dende o administrador de arquivos descomprimir o contido do arquivo "ALISE-v1.0.0.zip" na ruta que desexe.
2. Unha vez descomprimido o arquivo, haberá creado nesa ruta a carpeta "ALISE" onde se atopará toda a aplicación.
3. Para crear no escritorio un acceso directo á aplicación, facer clic co botón dereito sobre o ficheiro "ALISE.bat" que se atopa na carpeta "ALISE" e seleccionar "Enviar a", "Escritorio (crear acceso directo)".



## 2.4.1.2. INICIO DA APLICACIÓN

A aplicación ALISe iníciase executando o arquivo "ALISe.bat" que se atopa na carpeta "ALISe" creada durante a instalación, ou ben dende o acceso directo creado no escritorio.


No caso de sistemas Mac OS ou Linux, o ficheiro a executar será o "ALISe.sh".

A aplicación ten 2 comportamentos de inicio dependendo de se existe unha base de datos previa.

### 2.4.1.2.1. Migración de datos


A primeira vez que se inicie a aplicación, iniciarase o proceso de migración onde se ofrecerá a posibilidade de migrar unha antiga base de datos da anterior aplicación ALIS v4.XX.

Aparecerá o seguinte recadro:




Se non se desexa migrar ningunha base de datos previa, a aplicación inicializará unha nova base de datos baleira e iniciará a aplicación ALISe.

Se se desexa migrar unha base de datos previa, aparecerá o seguinte recadro:




Se a versión previa se atopa na ruta proposta so basta pulsar o botón “Migrar”, do contrario pulsando no botón “Abrir fichero...” ábrese un novo recadro que permite seleccionar a ubicación correcta da base de datos “DBSucesiones.mdb” previa.

Unha vez seleccionada a base de datos correspondente, pulsar o botón “Migrar” e aparecerá o seguinte recadro que irá mostrando o progreso da migración:



Ao finalizar o proceso de migración aparecerá o seguinte recadro de resume da migración:




Neste recadro indicaranse os totais das declaracións encontradas na base de datos previa, como así tamén as migradas e as que non se puideron migrar por algún tipo de problema. No arquivo “migración.txt” da carpeta “ALISE” pódese ver o detalle do proceso de migración.


Ao pulsar no botón “Ejecutar Alis” iniciarase a aplicación ALISE.

#### 2.4.1.2.2. INICIO NORMAL DA APLICACIÓN

Logo do proceso de migración ou ben nos inicios normais que se realicen da aplicación podería aparecer o seguinte recadro:




En caso de non dispor de conexión a Internet ou ben dalgún problema co servidor de actualización poderá aparecer o seguinte recadro:



Neste caso poderase reintentar a búsqueda ou ben continuar co inicio da aplicación ALISe.

Se se atopan actualizacións mostrarase un recadro similar ao seguinte:




Pódese actualizar coa última versión dispoñible de cada modulo ou executar a aplicación sen actualizar.


Durante o inicio da aplicación ALiSe aparecerá o seguinte recadro:



Ao finalizar a carga dos módulos iníciase a aplicación ALiSe, aparecendo o seguinte recadro:



Onde, logo de elixir o idioma da aplicación iníciase finalmente a aplicación ALiSe:




### 2.4.1.3. CONFIGURACIÓN DA APLICACIÓN (WINDOWS, macOS E LINUX):

Ao ser un programa de escritorio o usuario deberá instalalo no seu posto de traballo, non existindo ningún outro control de acceso mais que os propios do sistema operativo.



Nos sistemas Windows ofrécense dúas posibilidades de instalación, unha para usuarios normais e outra para usuarios con permisos de administrador que é necesaria se se quere que todos os usuarios dun mesmo equipo teñan acceso á aplicación.

En canto a sistemas Mac OS ou Linux serán precisos permisos especiais.


Nun sistema Mac OS, unha vez instalada a aplicación, débese dar permisos de execución sobre o ficheiro "ALISE.sh" para a súa execución:




Ademais e preciso configurar o ficheiro "ALISE.sh" para que se execute coa aplicación Terminal.app:




No referente a sistemas Linux, tamén tras a instalación, será preciso configurar o ficheiro "ALISe.sh" para permitir a súa execución como un programa:



E modificar as Preferencias da aplicación "Archivos" para permitir a execución de ficheiros de texto executables:





#### 2.4.2. Requisitos técnicos

O sistema operativo debe dispor dun entorno de execución Java (Java Runtime Environment, JRE) versión 7 polo menos, aínda que se recomenda a versión 8 Update 5 ou superior.

O posto de traballo deberá soportar unha resolución de polo menos 1200 x 800 píxeles, ter a lo menos 512MB libres de memoria RAM e un espazo en disco de 136 MB (se require facer unha migración dunha base de datos anterior pode necesitar mais espazo en disco dependendo do tamaño da base de datos a migrar).

Para poder ver os borradores, liquidacións e axuda o posto de traballo deberá ter instalado un visor de arquivos PDF do tipo Acrobat Reader

Para poder imprimir o borrador o facer unha presentación telemática o posto de traballo debe de dispor de conexión a Internet.

Aínda que o programa está dispoñible en versión para instalar tamén é posible baixar unha versión que non require instalación neste caso o posto de traballo deberá de posuír algún tipo de descompresor de arquivos zip.

**Observación:** Calquera problema referente á instalación e uso do programa ALISe deberá comunicarse a través do formulario dispoñible na páxina <http://www.atriga.gal/atendemos>, sendo necesario proporcionar a seguinte información:

- sistema operativo, plataforma (Win, macOs ou Linux) e versión do S.O.
- navegador empregado,
- se así o solicita o Centro de Atención a Usuarios, capturas de pantalla que amosen o erro ou problema ocorrido.



### **2.4.3. Coñecemento do imposto**

Aínda que non son necesarios coñecementos específicos de sucesións si é recomendable estar familiarizado coa terminoloxía legal do imposto. En calquera caso o programa dispón dunha ampla axuda onde se recollen a leis e regulamentos relacionados co imposto de sucesións en Galicia.

### 3. INFORMACIÓN SOBRE OS USUARIOS

#### 3.1. TIPOS DE USUARIOS

Os tipos de usuarios nas conexións a Oficina Virtual tributaria divídense en:

- Usuario sen certificado: O usuario presenta sen certificado.
- Usuario con certificado: O usuario presenta cun certificado dixital para identificarse.
- Usuario rexistrado: O usuario presenta cun certificado dixital que está rexistrado na base de datos do CIXTEC con permisos para realizar certas operacións.

No caso de ter problemas ao conectarse como usuario rexistrado:



Pode consultar no seguinte enlace a forma de acceder a OVT dos usuarios rexistrados.

<http://www.atriga.gal/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/oficina-virtual-tributaria/como-acceder-a-oficina-virtual-como-usuario-autorizado>



XUNTA  
DE GALICIA